




FONTES E LAVADOIROS DE COMPOSTELA

Esta actividade, que se pode enmarcar dentro do Proxecto Comenius no que participa o centro, vai dirixida ao coñecemento do patrimonio cultural dunha cidade coma a nosa na que a auga é un elemento case definitorio. A actividade consistirá en realizar unha mostra fotográfica das distintas fontes que existen en Santiago. Poderán participar nela, todos os alumnos e alumnas do centro, achegando unha foto realizada por eles mesmos (a poder ser en formato dixital), e unha breve descrición do seu emprazamento, se é potábel, etc.

A proposta realizada está dirixida ó alumnado de Educación Primaria e entre os OBXECTIVOS podemos destacar:

- Coñecer e valorar as fontes e os lavadoiros como monumentos históricos representativos da cidade.
- Incentivar a participación activa no entorno.
- Reflexionar sobre os coñecementos que se teñen interiorizados a cerca destas construcións.
- Recoñecer e identificar diferentes fontes da cidade.
- Ser capaz de orientarse no seu entorno.
- Identificar a estrutura principal dunha fonte e dun lavadoiro.
- Comprender os diferentes co paso do tempo.
- Fomentar a comunicación interxeracional.
- Desenvolver a creatividade baseándose nun feito real.

**PARTICIPA!
AINDA FALTAN
MOITAS FOTOS.**



b@nzo.dixital



Informámoslles que está publicado o primeiro número de banzodixital. O obxectivo desta nova publicación é transmitir aquelas noticias que se produzan no centro ou no seu contorno e que sexan de interese para a educación das súas fillas e fillos.

O boletín, cunha periodicidade mensual, será remitido por e-mail ao enderezo electrónico das nais e pais que así o desexasen.

Se desexa recibir dito boletín ou non recibiu o primeiro número, poderá solicitálo dos seguintes xeitos:

1. Enviando un correo electrónico a @ceippioxii, cos seguintes datos:
ASUNTO: Banzo dixital
MENSAXE: Apellidos e nome do receptor, e apellidos e nome dunha filla ou fillo e curso no que vai.

2. Remitindo esta nota debidamente cumplimentada e lexible.

Apellidos e nome

Correo electrónico

Nome dun fillo e curso